




COSTA DE PORTO DO SON

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 30 km (ruta principal lineal) + 8 km de desvíos (ida e volta) + camiñadas
Dificultade: baixa

O concello de Porto do Son ocupa a cara noroeste da serra da Barbanza, na banda sur da ría de Muros e Noia. Ten unha ampla fronte costeira na que se alternan amplos areias, sistemas dunares, lagoas e cantís que acollen ecosistemas de grande interese, protexidos en parte no LIC/ZEC "Complejo Húmido de Corrubedo". É un concello que vive en boa parte do mar e do turismo. Para coñecer esta costa podemos facer unha rápida aproximación en coche, con pequenos desvíos a pé para percorrer algúns dos lugares de maior interese ou botar varias xornadas de vagar facendo roteiros polos moitos lugares de valor natural, etnográfico ou histórico artístico. É recomendable facer os percorridos coa marea baixa para poder achegarnos mellor aos cantís e furnas e camiñar polos areais.



- 1-Praia de Boa Grande
- 2-Punta do Cabalo Baixo
- 3-Punta da Telleira
- 4-Praia e Punta Batuda
- 5-Praia Hornanda ou das Gaivotas
- 6-Praia e punta Gafa
- 7-Portosín
- 8-Praia de Coira
- 9-Praia Pozo
- 10-Praia Langaño
- 11-Punta Cedeira
- 12-Praia e Punta Agueira
- 13-Praia Pouso
- 14-Praia e punta Cabeiro
- 15-Praia da Suaigreja
- 16-Praia do Son
- 17-Porto do Son
- 18-Punta, praia e furna do Fonfórrón
- 19-Praia Arnela
- 20-Puntas Cabra do Medio e Cabra do Mar
- 21-Baroña
- 22-Praia de Arealonga/Baroña
- 23-Punta e praia de Riomaior
- 24-Punta Pombal
- 25-Praia das Furnas
- 26-Praia das Seiras/Queiruga
- 27-Praia e Punta Porto Nadela
- 28-Punta do Axo
- 29-Illa do Mar e Furna da Laxe
- 30-Praia Pementa
- 31-Punta e praia de Riosieira
- 32-Praia das Furna e Pedras Negras (Xuño)
- 33-Praia Arealonga/Xuño
- 34-Lagoa de Xuño
- 35-Lagoa de Muro
- 36-Praia de Basoñas/Muro
- 37-Cabo Teira
- 38-Laxes do Cabalo
- 39-Praia da Recabeira
- 40-Rego de Espiñeirido
- 41-Monte Taúme



PERCORRIDO

Tomamos como punto de partida a localidade de Boiro (na estrada de Porto do Son a Noia) desde a que nos achegamos á **praia de Boa Grande** e á **punta do Cabalo** onde comeza o concello de Porto do Son; desde alí podemos ir ata a **praia da Telleira** e a **punta Batuda**. As seguintes paradas son as **praias de Hornanda** e **A Gafa** e **Portosín**, onde é interesante un paseo polo porto pesqueiro e polas **praias de Coira, Pozo** e **Langaño**. De volta na estrada principal seguimos ata a **Praia de Angueira**, un fermoso areal que se continúa na **punta Angueira** e a **praia de Pouso**, con dunas interesantes, e na que se conservan os restos dunha antiga telleira. Seguimos pola estrada e desvíamonos de novo na **praia de Cabeiro**, logo pasamos a carón da praia da **Suaigrexa** e chegamos a **Porto do Son**, capital do concello, na que hai outra pequena praia e un porto pesqueiro. A seguinte parada é na **praia do Fonforrón**, onde, se está a marea baixa, podemos ver unha fermosa **furna** chea de lendas. Continuamos pola estrada e pasamos a carón da **praia da Arnela** ata chegar ao desvío para coller o carreiro que vai ao **castro** e **praia de Baroña**, un dos puntos máis interesantes da nosa viaxe. Continuamos despois ata Queiruga desde onde podemos ir ás **praias das Seiras ou Queiruga** e ás **puntas Pombal e Furnas** e, no outro extremo da praia as **Puntas das Covas e do Axo** e á **praia de Porto Nadela**. Uns quilómetros máis adiante, en Caamaño, atopamos o desvío á **praia de Riosieira**, e ao chegar a Xuño o cruce para ir ata as **praias das Furnas, Pedras Negras e Arealonga** e á **lagoa de Xuño**. De novo na estrada principal collemos o cruce por San Pedro de Muro para continuar pola estrada da costa e desvíamonos á **praia e lagoa de Muro ou Basoñas**, por calquedra dos lugares indicados. Entre as praias de Xuño e Muro pódese facer un percorrido moi completo con praias, lagoas e sistemas dunares dunha rica flora e fauna. Seguindo de novo pola estrada podemos achegarnos ao **cabo Teira** e á **praia da Recabeira**, onde remata o concello de Porto do Son (no **rego de Espiñeirido**). Se temos tempo podemos tamén subir ao **monte Taúme** (3 km ida e volta desde Seráns) desde onde podemos contemplar fermosas panorámicas da costa.



5-Praia Hornanda ou das Gaivotas



1-Praia de Boa Grande e punta do Cabalo Baixo



3-Punta da Telleira



4- Praia e Punta Batuda




6-Praia e punta Gafa



7-Portosín



Vista aérea de Portosín e as praias de Coira, O Castro, O Pozo e Aguieira.



8-Praia de Coira



9-Praia do Pozo



10-Praia de Langaño



11-Punta Cedeira



12- Praia e Punta Aguieira



Restos dunha vella telleira na praia de Aguieira



13-Praia Pouso e punta Aguieira




14-Praia e punta Cabeiro



15-Praia da Suaigreja



16-Praia do Son



17-Porto do Son



18-Punta, praia e furna do Fonforrón



Punta do Fonferrón co monte Louro ao fondo



19-Praia Arnela



20-Punta Cabra do Medio



21-Baroña



O castro de Baroña está situado na parroquia do mesmo nome nunha península coñecida como punta do Castro. Está rodeado de dúas murallas e separado de terra por un pequeno istmo areoso. Estivo ocupado nos séculos I a.C. e I d.C. Foi escavado por primeira vez en 1933 e logo en 1969/70, 1980/84, 1985 e 2012. Consérvanse 20 vivendas de forma circular ou elíptica.



22-Praia de Arealonga/Baroña



23-Punta e praia de Riomaior




24-Punta Pombal



25-Praia das Furnas



26-Praia das Seiras/Queiruga, Punta Porcalleira, Praia de Porto Nadela e Punta do Axo.



27-Punta Porto Nadela e praia de Queiruga



28-Punta do Axo



29-Illa do Mar e Furna da Laxe



30-Praia Pementa



31-Punta e praia de Riosieira



Praia de Riosieira



32-Praia das Furna e Pedras Negras (Xuño).
Punta xistosa con estratos verticais dispostos perpendicularmente á liña de costa.



33-Praia Arealonga/Xuño





O conxunto formado polas praias e lagoas de Xuño e Muro ten unha importancia excepcional pola combinación de formacións dunares e lagoas costeiras que acollen unha importante representación de especies de flora e fauna asociadas a áreas e ás zonas húmidas. Destaca a presenza como aniñantes de pillaras papudas que crían en contados lugares do noso litoral. No inverno as lagoas acollen unha importante representación de aves acuáticas nos pasos migratorios.

34-Lagoa de Xuño.
Ten forma redondeada e non ten comunicación co mar. As plantas máis abundosas son os carrizos, ambroíños, oucas, espigas de auga, utricularias...



35-Lagoa de Muro ou Basoñas. Está separada do mar por un cordón de dunas fixas e pola praia de Basoñas. Nas mareas moi vivas a auga do mar chega a penetrar por unha canle no extremo norte da lagoa. As plantas máis abundosas son xuncos, carrizos, espadainas, gramas... Destaca a presenza da alga *Nitella gracilis*, única cita en España, e a espiga de auga (*Potamogeton trichoides*), novidade provincial. Illote do Feltro na punta do cabo Teira.



36-Praia de Basoñas/Muro



Vexetación das dunas. As plantas das dunas teñen cores craras e cubertas coirentas ou veludas para soportar o exceso de radiación solar, os golpes do vento e reter a auga.



37-Cabo Teira



38-Laxes do Cabalo co Cabo Teira ao fondo



39-Praia da Recabeira desde o monte Taúme



40-Rego de Espiñeirido



41-Monte Taúme



Vista desde o cumo do monte Taúme (240 m) situado na fronteira entre os concellos de Porto do Son e Ribeira. Accedese desde Seráns.